



ACTIVIDADES NO CENTRO DE DÍA DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA PARA O ANO 2008/2009.

No Centro de Día de Atención Especializada Sarela, para o novo curso que comeza, está previsto que se leven a cabo as seguintes actividades:

- **Piscina:** Os luns e xoves na piscina de Sar. Esta actividade xorde coa necesidade de realizar actividades deportivas que favorezan e manteñan as capacidades motóricas das persoas afectadas por dano cerebral adquirido.

- **Informática e Xornalismo:** Levarase a cabo os luns e os xoves. Os usuarios coñecerán o manexo das novas tecnoloxías e manterán actualizado o blog da asociación.

- **Actualidade:** Comentanse os temas máis relevantes que xurden no noso entorno coa finalidade de potenciar as opinións dos usuarios/as e ao mesmo tempo estar informados.

- **TACOA:** Todos os martes os usuarios do Centro de Día realizarán esta actividade de Taller de Coidado de Animais o que lle permitirá relizar tarefas de voluntariado mentres se benefician do contacto directo cos animais.

- **Estimulación cognitiva:** O obxectivo da actividade é manter e mellorar as capacidades cognitivas dos usuarios tales como a concentración, atención, lingua, memoria...

- **Golf:** Realizarase todos os mércores. Este taller fortalece a psique (afectividade, emotividade, control, percepción, cognición) das persoas con dano cerebral e crea un campo axeitado e sinxelo

para a auto-superación, buscando establecer obxectivos a alcanzar para poder superarse día a día.

- **Fisioterapia:** Destinada a aqueles usuarios que precisan un mantemento a nivel físico. Trabállase en grupos moi reducidos co fin de facer a actividade o máis personalizada posible.

- **Actividades manuais:** Perséguese exercitar a imaxinación dos usuarios á vez que a súa relaxación e entretemento. Os obxectos confeccionados son útiles, decorativos e creativos. Estes obxectos expóranse nos mercadiños de Nadal e verán para a súa venda.

RECORDÁMOSVOS QUE XA ESTAMOS TRABALLANDO NO MERCADIÑO DE NADAL QUE SE CELEBRARÁ OS DÍAS 22 E 23 DE DECEMBRO NO CENTRO COMERCIAL ÁREA CENTRAL EN HORARIO DE TARDE, DE 17:00 A 20:00 HORAS PARA AMOSARVOS OS NOSOS TRABALLOS. HABERÁ ARTIGOS ESPECIAIS DE NADAL COS QUE PODEREDES AGASALLAR AOS VOSOS SERES QUERIDOS.

ESPERAMOSVOS A TODOS!

VOLUNTARIOS PARA PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

O laboratorio de Investigación en Neurociencias Clínicas do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e a Unidade de Neuropsicoloxía da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago traballan conxuntamente nun proxecto coa finalidade de investigar o deterioro cognitivo (memoria, atención...) en pacientes cunha enfermidade cerebro-vascular (ictus, trombosis, embolia...). Os requisitos para participar son: Ser maior de 40 anos, non padecer enfermidade grave, non estar tomando medicación que afecte ao sistema nervioso e non ter sufrido dano cerebral vascular ou traumático. Máis información e cita previa no número de teléfono 981-56-31-00- EXT. 13895.

Ainda que os participantes non obteñan directamente ningún beneficio, a súa colaboración poderá beneficiar a outras persoas no futuro.

CONTINUANDO COA NOSA HISTORIA:

2006 Xa somos 170 socios.

Consólidanse os seguintes programas:

Información, orientación e apoio ás familias afectadas por dano cerebral adquirido;

Sensibilización da comunidade;
Atención e rehabilitación a persoas afectadas por dano cerebral adquirido;
Programa de Centro de Día de

Atención Especializada.

Seguimos realizando convenios de prácticas coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e comezamos a realizar un convenio coa facultade de Logopedia da Universidade de A Coruña

Fanse distintas reportaxes e entrevistas en prensa, radio e televisión ao longo de todo o ano.

Acudimos a diversos seminarios, xornadas e cursos de formación. Entre os que destacan:

- Curso de Especialización en Atención a Persoas Maiores e Discapacitadas durante os meses de abril e maio.
- Curso sobre a atención ao paciente neurolóxico hospitalizado no mes de xullo.

Os días 19 e 20 de outubro participa unha persoa afectada, socia de Sarela, no III Congreso de Fedace en Pamplona, falando sobre a inserción laboral.

Como xa sabedes no Centro de Día de Atención Especializada facemos o longo do ano distintas actividades. Neste boletín saberedes

¿QUÉ FACEMOS EN XORNALISMO?

Nesta actividade, que se realiza os xoves de 12:30 a 14:00 horas na sede do centro, adicamos a maioría do tempo a facer o blog da Asociación, primeiro escribindo o que se vai

poñer no blog en word e logo colgándoo na internete. O blog está dividido en varios apartados. Así, cando entramos, atopámonos cos apartados de:

- **DJ Joaquín:** Neste apartado infórmase dos diferentes concertos que poida haber na semana, así como de diferentes noticias que teñan relevancia nesa semana sobre os diferentes grupos de música.
- **Rincón gastronómico:** Aparecen diferentes opinións sobre comidas e lugares para comer así como receitas de cociña, postres...
- **Zona Ocio:** Este espazo divídese ao mesmo tempo en tres apartados diferentes:
 - **Cine&Ventura:** Neste apartado, cada semana colócase a sinopse dunha película, que anteriormente foi vista pola persoa que a escribe, así como unha valoración persoal da mesma.
 - **Motor&Suso:** Aquí o tema principal son os coches e as motos e aparecen diferentes noticias que teñan relación co mundo do motor, así como diferentes opinións e comentarios dos difentes eventos.
 - **Beleza&Natalia:** Se o que queres é saber todo sobre a beleza, este é o apartado que interesa. Nel Natalia, cada semana, cóntanos un novo truco de beleza.
 - **Sareladas:** Aparecen contos, chistes, refráns, anéctodas e todo o que se lle ocorra contar as persoas que o escriben cada semana. Todo elo cun toque cómico.

Con esta actividade preténdese favorecer a inclusión e a participación dos usuarios/as nas

novas tecnoloxías, á vez que se traballan outro tipo de habilidades como son a lectura, escritura,.. a través dos diferentes exercicios propostos. O obxectivo é estimular as capacidades de expresión, comunicación e o potencial creativo do usuario/a, ademais de estimular a capacidade de pensar e decidir por un mesmo escollendo os temas sobre os que queren escribir.



CELEBRACIÓN DO DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL

O día 24 de agosto do ano 2007 o Consello de Ministros declarou o día 26 de outubro como "Día nacional do Dano Cerebral". Ao igual que o ano pasado, este ano tamén teremos actividades ao longo de toda a semana, aínda que polo de agora non están todas concretadas. Informarase a todos os medios de comunicación para que divulguen a programación de actividades co fin de sensibilizar e de que participe o maior número de persoas posible, así como aos socios, familiares, administracións públicas, etc...



NOVAS DE INTERESE


• **VOLUNTARIADO: ACOMPAÑAMENTO E APOIO SOCIAL**

A entidade inicia este proxecto no concello de Santiago que ten como finalidade ofrecer un apoio á tarefa do cuidador principal é a posibilidade de que o usuario amplíe a súa rede social, a través da compañía dun voluntario tanto dentro como fóra do domicilio. As persoas interesadas, poñerse en contacto coa traballadora social.

• **RECORDAMOSVOS QUE O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONCELLO DE AMES**

ampliou o seu horario á xornada de tarde sendo actualmente o seguinte: De 7:30 a 19:30 de Luns a Venres. Lembrade que hai que solicitalo con 2 días de antelación, chamando ó teléfono 900-200-4000.

OS NOSOS COLABORADORES



Agradecemoslles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.